

**MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO:
*ALÉN DA TRADICIÓN E A TRADICIÓN NA LENDA***

IES ANTÓN ALONSO RÍOS

1. INTRODUCCIÓN

O noso proxecto tratará de poñer en valor o patrimonio inmaterial do Baixo Miño. En concreto, afondaremos na importancia da tradición oral e na transmisión interxeracional da mesma. Para isto seleccionaremos localizacións directamente vencelladas coas lendas locais.

A fin de destacar a tradición común existente nesta comarca faremos un percorrido á beira do Miño cruzando distintos concellos. Non podemos deixar de lado nesta andaina o noso veciño Portugal, co que compartimos non só séculos de historia senón unhas tradicións que perviven aínda hoxe. Poñeremos o foco no noso rural como salvagarda da tradición e o noso alumnado como parte fundamental na divulgación da mesma.

Este traballo será realizado polo alumnado que forma parte da equipa de Dinamización da Lingua Galega do IES Antón Alonso Ríos de Tomiño (a partir de aquí, EDLG). Grazas a isto, implicaremos a un amplo número de cursos e grupos. Todos eles poderán contribuír coas súas achegas persoais e familiares ao contido deste documento audiovisual.

2. OBXECTIVOS

Con esta produción audiovisual queremos acadar unha serie de obxectivos que se agrupan en dúas epígrafes diferentes. Por unha banda, os obxectivos previos que teñen que ver co alumnado e coa elaboración do vídeo; e por outro lado, aqueles que pretendemos conseguir co seu visionado.

a) Alumnado:

- Desenvolver a competencia lingüística en galego, tanto na escrita como na oralidade.
- Empregar ferramentas TIC (vídeo, radio...).
- Fomentar a investigación.
- Traballar de xeito cooperativo e interdisciplinar.
- Achegar a lingua galega ás novas tecnoloxías para eliminar prexuízos.
- Mellorar a autoestima dos galegofalantes e habitantes do rural promocionando o valor e riqueza destes.
- Motivar o alumnado na implicación das actividades do centro a través da participación en concursos.
- Coñecer e valorar o patrimonio material e inmaterial propio.
- Respetar e coidar os nosos maiores e valorar a importancia da súa sabedoría.

b) Vídeo:

- Promocionar a contorna natural de Tomiño.
- Dar a coñecer as súas lendas e tradicións.
- Amosar a conexión entre as dúas marxes do río Miño: Galicia e Portugal; Tomiño e Vila Nova da Cerveira.
- Transmitir unha imaxe positiva do rural.

3. PARTICIPANTES

A seguir, preséntase unha táboa coas persoas -alumnado e profesorado- participantes no proxecto e os seus cargos. Todas as persoas forman parte do EDLG do instituto:

PARTICIPANTES	CARGO
David Vale Díaz (profesor)	Coordinación proxecto e gravación de vídeo.
Celtia Rey Brandón (profesora)	Coordinación proxecto e edición de vídeo.
Jose Luis Lechuga Iglesias (profesor)	Edición de vídeo e música.
Lara Álvarez Fernández	Redacción e gravación do texto.
Ana Areal Martínez	Redacción e gravación do texto.
Ámber Inara Boisits	Creación artística do cartel promocional.
Laura Coello Dopazo	Selección de localizacións e gravación audio.
Paula Correa Portela	Redacción e gravación do texto.
Xurxo Rodríguez Fernández	Redacción e gravación do texto.
Raúl Martínez Fernández	Redacción e gravación do texto.

Tamén participaron Carmen, a nai dunha das alumnas, amosándonos o concello e contándonos as súas lendas; así como Joaquín, veciño da zona que nos abriu os muíños e nos explicou o seu funcionamento.

4. MEDIOS

Para o desenvolvemento deste proxecto, aproveitamos o material do Polo Creativo do noso IES: radio escolar, estabilizador de cámara, ordenador, tablets etc.

En primeiro lugar, todas as reunións do Equipo foron realizadas no espazo multidisciplinar reservado para as creacións audiovisuais, que é o Polo Creativo do centro. Unha vez repartidas as tarefas entre as persoas participantes, dotámonos do material necesario. Empregamos o estabilizador para as gravacións de vídeo que fixemos cos nosos

móviles. Posteriormente, gravamos as nosas voces para o audio na radio escolar. O deseño do cartel foi feito de xeito dixital cun ordenador e tablet. Finalmente, todo o proceso de edición de vídeo e engadido de son foi feito cun programa dixital.

5. CONTIDO

Neste vídeo quixemos incluír varias ideas que representan a zona na que nos atopamos: as lendas, a importancia da transmisión interxeracional, a conservación do patrimonio material e inmaterial e a unión co país veciño. Tendo en conta que un dos símbolos de Tomiño e o río Miño, quixemos que a auga tivese un rol destacado e que funcionase como fío condutor do noso relato.

Así, no vídeo facemos mención a dúas das lendas máis coñecidas. Unha é a da Pedra Longa, que se atopa en Vilameán. De acordo co que contan os seus veciños, unha moura chegou cunha pedra na cabeza e baixo dela deixou agochado un tesouro. Só un cura con sete cans podería facerse con el, pois está custodiado por unha serpe de sete cabezas. Cando o cura chegaba ao lugar, o sétimo can desaparecía, polo que hoxe a pedra segue alí presente. Hoxe en día, como se escoita ao comezo do vídeo contar á nai dunha alumna, hai testemuños de persoas que afirman ter visto mouros no lugar.

Outra lenda é a que afirma a existencia dun túnel entre Galicia en Portugal, por debaixo do río. Hai quen engade que este túnel ía dende unha igrexa de Tui ata un convento de Valença. Esta e outras historias dan conta da conexión existente entre os dous países e a cultura común que aínda hoxe comparten. É por iso que no vídeo aparece tamén unha vista da comarca dende o alto de Vila Nova da Cerveira.

O vídeo amosa algunhas das tradicións do lugar, como a celebración da feira os mércores, coa panorámica de distintos produtos galegos. Tamén os muíños de Vilameán, aínda hoxe conservados nun entorno natural marabilloso.

Por último, quixemos poñer o foco na importancia da transmisión interxeracional. Todas estas lendas e tradicións non chegarían a nós se non fose porque outros antes as foron pasando de pais a fillos. É por iso que no vídeo aparecen veciños e familiares que grazas á realización deste traballo fixeron que esas historias agora tamén sexan nosas para as poder contar.

6. LOCALIZACIÓNS

- Praza do Seixo: zona rururbana onde se sitúan o edificio do Concello, o Mercado e diferentes comercios e bares.
- Vilameán: parroquia rural que concentra boa parte dos mitos e lendas da contorna.
- Eiras: zona situada á beira do río Miño pertencente ao concello do Rosal e limítrofe co de Tomiño. Coñecida pola senda que discurre á par do río ata Goián.
- Río da Pedra: área fluvial rehabilitada recentemente polo concello de Tomiño.
- Vila Nova da Cerveira: municipio situado á outra marxe do río, na banda portuguesa. O seu símbolo é a figura dun cervo que se erixe como escultura no cumio dunha montaña con fermosas vistas á desembocadura do río e a toda a comarca do Baixo Miño.

7. CRONOLOXÍA

A idea de participar neste certame xurdiu como proposta ao alumnado nunha reunión do EDLG. Ao aceptaren encantados, negociamos a temática e a idea que nos gustaría presentar. Unha vez establecidos os puntos básicos (temática, localizacións e participantes), enviamos a preinscrición na páxina web no mes de febreiro.

O seguinte paso veu no mes de marzo, no que puxemos en marcha a gravación dos diferentes lugares. Ao longo de dúas semanas, profesorado e alumnado percorremos puntos estratéxicos do Baixo Miño, tentando ofrecer un abano amplo de imaxes.

Logo disto, xa en abril, o EDLG volveuse xuntar para revisar os vídeos e seleccionar aqueles máis importantes, xunto coas oito imaxes que acompañarían o envío. Do visionado desta clasificación, xorde a idea para o cartel promocional, que deseñará unha das nosas alumnas.

Posteriormente, redáctase un guiión conxunto que narrará o vídeo cunha voz en off. Xa para rematar, este texto será gravado na radio escolar coa voz dos nosos alumnos e alumnas. Finalmente, édítase o vídeo que aquí enviamos, cos audios orixinais dos vídeos, coas voces gravadas na radio e coas imaxes da nosa contorna.

8. CONCLUSIÓN

Este tipo de concursos fomentan que nos centros escolares se desenvolvan proxectos creativos, que o alumnado investigue e manexe as ferramentas TIC e que melloren a súa expresión oral e escrita en lingua galega. Alén disto, motivan tanto a profesorado como alumnado a realizar actividades que saen das explicacións habituais nas aulas, propoñen novos métodos de ensino e permiten experimentar momentos que nunha aula serían inconcebíbeis.

Con este vídeo pretendemos achegar un pequeno exemplo de como traballamos no EDGL, coa idea de fondo de dar a coñecer o noso patrimonio -cultural, lingüístico e gastronómico- do que nos sentimos enormemente orgullosos e orgullosas.